FAMILIA PROFESIONAL

ENERXÍA E AUGA

2026
2027

ENERXÍA E AUGA

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

FP FORMACIÓN PROFESIONAL

NER
AUGA E
ENERXÍA

LENDA

PFB Programa formativo básico
CB Ciclo formativo de grao básico
CM Ciclo formativo de grao medio
CS Ciclo formativo de grao superior
AB Formación acelerada básica
AM Formación acelerada media
AS Formación acelerada media

EM Curso de especialización de grao medio
ES Curso de especialización de grao superior
O Oferta ordinaria presencial
O Oferta ordinaria a distancia
P Oferta modular presencial
D Oferta modular a distancia
I Oferta réxime dual intensivo

Duración: 2000 horas

CM | Redes e estacións de tratamento de augas

Que se aprende a facer?

Realizar a montaxe, a operación e o mantemento de redes de auga, así como operar e manter os equipamentos e as instalacións de estacións de tratamento de augas, aplicando a normativa vixente e protocolos establecidos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais, e asegurando a súa funcionalidade e o respecto polo ambiente.

En que ámbitos se traballa?

Na Administración e en empresas dedicadas a realizar a montaxe, a operación e o mantemento de redes de abastecemento, saneamento e interiores de edificios, así como en empresas do sector de tratamento e de potabilización da auga, e do sector da depuración de augas residuais.

Que ocupacións se desempeñan?

Montador/a de redes de abastecemento e distribución de auga|montador/a de redes e instalacións de saneamento|montador/a de redes de auga|montador/a de redes de saneamento|operador/a de planta de tratamento de auga de abastecemento|operador/a de planta de tratamento de augas residuais|técnico/a de planta de tratamento de augas residuais|operador/a en instalacións de incineración e de tratamento de augas, e outros/as operadores/as de planta|montador/a de instalacións de auga en edificios.

Que título se obtén?

Técnico en Redes e estacións de tratamento de augas.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1564	Calidade da auga	98
1º	MP1567	Hidráulica e redes de auga	69
1º	MP1559	Implantación en redes de auga	95
1º	MP0156	Inglés profesional	60
1º	MP1561	Instalacións eléctricas en redes de auga	117
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP1566	Mantemento de equipamentos e instalacións	100
1º	MP1563	Montaxe e posta en servizo de redes de auga	167
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
1º	MP1562	Técnicas de mecanizado e unión	117
2º	MO0003	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP1565	Construción en redes e estacións de tratamento de auga	301
2º	MP1664	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MP1560	Estacións de tratamento de augas	164
2º	MO0001	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP1568	Mantemento de redes	109
2º	MP0310	Montaxe e mantemento de instalacións de auga	246
2º	MP1713	Proxecto intermodular	50

Nota*: Módulos optativos

CM | Redes e estacións de tratamento de augas

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP1560	Estacións de tratamento de augas	UC0073_2	Operar cos procesos de tratamento e depuración da auga
MP1564	Calidade da auga		
MP1562	Técnicas de mecanizado e unión	UC0607_2	Montar redes de distribución de auga e saneamento
MP1563	Montaxe e posta en servizo de redes de auga	UC0608_2	Pór en servizo e operar redes de distribución de auga e saneamento
MP1562	Técnicas de mecanizado e unión	UC0607_2	Montar redes de distribución de auga e saneamento
MP1563	Montaxe e posta en servizo de redes de auga	UC0608_2	Pór en servizo e operar redes de distribución de auga e saneamento
MP1565	Construción en redes e estacións de tratamento de auga	UC1929_2	Executar pavimentos de urbanización
MP1566	Mantemento de equipamentos e instalacións	UC0074_2	Realizar as operacións de mantemento de equipamentos e instalacións de plantas de tratamento ou depuración da auga
MP1567	Hidráulica e redes de auga	UC0606_2	Reformular redes de distribución de auga e saneamento
MP1568	Mantemento de redes	UC0609_2	Manter redes de distribución de auga e saneamento

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC0073_2	Operar cos procesos de tratamento e depuración da auga	MP1560	Estacións de tratamento de augas
UC0073_2	Operar cos procesos de tratamento e depuración da auga	MP1564	Calidade da auga
UC0607_2	Montar redes de distribución de auga e saneamento	MP1562	Técnicas de mecanizado e unión
UC0608_2	Pór en servizo e operar redes de distribución de auga e saneamento	MP1563	Montaxe e posta en servizo de redes de auga
UC1929_2	Executar pavimentos de urbanización	MP1565	Construción en redes e estacións de tratamento de auga
UC2327_2	Realizar as funcións de nivel básico para a prevención de riscos en construción		
UC0606_2	Reformular redes de distribución de auga e saneamento	MP1567	Hidráulica e redes de auga
UC0609_2	Manter redes de distribución de auga e saneamento	MP1568	Mantemento de redes

Duración: 2000 horas

CS | Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica

Que se aprende a facer? | Avaliar a eficiencia das instalacións de enerxía e auga en edificios, apoiando tecnicamente o proceso de cualificación e certificación enerxética de edificios, así como configurar instalacións solares térmicas, xestionando a súa montaxe e o mantemento en condicións de seguridade, calidade e respecto ambiental.

En que ámbitos se traballa? | No sector enerxético, en institucións competentes en auditorías, inspeccións e certificacións enerxéticas, e en empresas dedicadas a realizar estudos de viabilidade, promoción, implantación e mantemento de instalacións de enerxía solar en edificios.

Que ocupacións se desempeñan? | Técnico/a de eficiencia enerxética de edificios|Axudante/a de procesos de certificación enerxética de edificios|Técnico/a comercial de instalacións solares|Responsable de montaxe de instalacións solares térmicas|Responsable de mantemento de instalacións solares térmicas|Xestor/a enerxético/a|Promotor/a de programas de eficiencia enerxética.

Que título se obtén? | Técnico superior en Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.

Cales son os módulos deste ciclo? | Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0352	Configuración de instalacións solares térmicas	107
1º	MP0349	Eficiencia enerxética de instalacións	131
1º	MP0121	Equipamentos e instalacións térmicas	213
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP0122	Procesos de montaxe de instalacións	182
1º	MP0123	Representación gráfica de instalacións	130
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP0350	Certificación enerxética de edificios	273
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0354	Promoción do uso eficiente da enerxía e da auga	110
2º	MP0355	Proxecto intermodular de eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	50
2º	MP0353	Xestión da montaxe e o mantemento de instalacións solares térmicas	273
2º	MP0351	Xestión eficiente da auga en edificación	164

Nota*: Módulos optativos

CS | Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0122	Procesos de montaxe de instalacións	UC0847_3	Organizar e controlar a montaxe de instalacións solares térmicas
MP0123	Representación gráfica de instalacións	UC0842_3	Determinar a viabilidade de proxectos de instalacións solares
MP0349	Eficiencia enerxética de instalacións	UC1194_3	Avaliar a eficiencia enerxética das instalacións de edificios
MP0350	Certificación enerxética de edificios	UC1195_3	Colaborar no proceso de certificación enerxética de edificios
MP0351	Xestión eficiente da auga en edificación	UC1196_3	Xestionar o uso eficiente da auga en edificación
MP0352	Configuración de instalacións solares térmicas	UC0846_3	Desenvolver proxectos de instalacións solares térmicas
MP0353	Xestión da montaxe e o mantemento de instalacións solares térmicas	UC0848_3	Organizar e controlar o mantemento de instalacións solares térmicas
MP0354	Promoción do uso eficiente da enerxía e da auga	UC1197_3	Promover o uso eficiente da enerxía

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC1194_3	Avaliar a eficiencia enerxética das instalacións de edificios	MP0349	Eficiencia enerxética de instalacións
UC1195_3	Colaborar no proceso de certificación enerxética de edificios	MP0350	Certificación enerxética de edificios
UC1196_3	Xestionar o uso eficiente da auga en edificación	MP0351	Xestión eficiente da auga en edificación
UC0842_3	Determinar a viabilidade de proxectos de instalacións solares	MP0352	Configuración de instalacións solares térmicas
UC0846_3	Desenvolver proxectos de instalacións solares térmicas		
UC0847_3	Organizar e controlar a montaxe de instalacións solares térmicas	MP0353	Xestión da montaxe e o mantemento de instalacións solares térmicas
UC0848_3	Organizar e controlar o mantemento de instalacións solares térmicas	MP0353	Xestión da montaxe e o mantemento de instalacións solares térmicas
UC1197_3	Promover o uso eficiente da enerxía	MP0354	Promoción do uso eficiente da enerxía e da auga

Duración: 2000 horas

CS | Enerxías renovables

Que se aprende a facer?

Efectuar a coordinación da montaxe, a posta en servizo, a xestión da operación e o mantemento de parques e instalacións de enerxía eólica, así como promover instalacións, desenvolver proxectos e xestionar e realizar a montaxe e o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas, e tamén xestionar e supervisar a montaxe e o mantemento, e realizar a operación e o mantemento de primeiro nivel en subestacións eléctricas.

En que ámbitos se traballa?

En empresas dedicadas a realizar a promoción, a montaxe, a explotación e o mantemento de instalacións de enerxías eólicas e solares fotovoltaicas para a produción de enerxía eléctrica, así como en empresas relacionadas coa xeración, o transporte e a distribución de enerxía eléctrica, ou que posúan instalacións de alta tensión, e tamén en empresas industriais que realicen traballos de montaxe e mantemento de subestacións eléctricas.

Que ocupacións se desempeñan?

Técnico/a de xestión de operación e mantemento en instalacións eólicas|responsable de montaxe de parques eólicos|responsable de montaxe de aeroxeradores|especialista montador/a de aeroxeradores|especialista en mantemento de parques eólicos|promotor/a de instalacións solares|proxectista de instalacións solares fotovoltaicas|responsable de montaxe de instalacións solares fotovoltaicas|responsable de mantemento de instalacións solares fotovoltaicas|responsable de explotación e mantemento de pequenas centrais solares fotovoltaicas|montador/a operador/a de instalacións solares fotovoltaicas|encargado/a de montaxe de subestacións eléctricas de instalacións eólicas e fotovoltaicas|encargado/a de mantemento de subestacións eléctricas de instalacións eólicas e fotovoltaicas|operador/a mantedor/a de subestacións eléctricas de instalacións eólicas e fotovoltaicas.

Que título se obtén?

Técnico superior en Enerxías renovables.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0681	Configuración de instalacións solares fotovoltaicas	107
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP0671	Prevención de riscos eléctricos	30
1º	MP0680	Sistemas de enerxías renovables	125
1º	MP0668	Sistemas eléctricos en centrais	160
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
1º	MP0669	Subestacións eléctricas	155
1º	MP0670	Telecontrol e automatismos	186
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP0684	Operación e mantemento de parques eólicos	273
2º	MP0686	Proxecto intermodular de enerxías renovables	50
2º	MP0682	Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas	274
2º	MP0683	Xestión da montaxe de parques eólicos	273

Nota*: Módulos optativos

CS | Enerxías renovables

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP0669	Subestacións eléctricas	UC1531_3	Xestionar a montaxe de subestacións eléctricas
MP0670	Telecontrol e automatismos	UC1532_3	Supervisar a operación e o mantemento de subestacións eléctricas
		UC1533_2	Executar operacións de mantemento en subestacións eléctricas
MP0670	Telecontrol e automatismos	UC0844_3	Organizar e controlar a montaxe de instalacións solares fotovoltaicas
MP0682	Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas	UC0845_3	Organizar e controlar o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas
MP0671	Prevención de riscos eléctricos	UC1531_3	Xestionar a montaxe de subestacións eléctricas
		UC1530_2	Previr riscos en instalacións eléctrica de alta tensión.
MP0681	Configuración de instalacións solares fotovoltaicas	UC0842_3	Determinar a viabilidade de proxectos de instalacións solares
		UC0843_3	Desenvolver proxectos de instalacións solares fotovoltaicas
MP0682	Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas	UC0844_3	Organizar e controlar a montaxe de instalacións solares fotovoltaicas
		UC0845_3	Organizar e controlar o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas
MP0683	Xestión da montaxe de parques eólicos	UC0615_3	Desenvolver proxectos de montaxe de instalacións de enerxía eólica
		UC0618_2	Previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos
		UC0619_2	Montar e manter instalacións de enerxía eólica
MP0684	Operación e mantemento de parques eólicos	UC0616_3	Xestionar a posta en servizo e a operación de instalacións de enerxía eólica
		UC0617_3	Xestionar o mantemento de instalacións de enerxía eólica
		UC0618_2	Previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos

CS | Enerxías renovables

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC1531_3	Xestionar a montaxe de subestacións eléctricas	MP0669	Subestacións eléctricas
UC1532_3	Supervisar a operación e o mantemento de subestacións eléctricas	MP0670	Telecontrol e automatismos
UC1533_2	Executar operacións de mantemento en subestacións eléctricas		
UC1531_3	Xestionar a montaxe de subestacións eléctricas	MP0671	Prevención de riscos eléctricos
UC1530_2	Previr riscos en instalacións eléctricas de alta tensión		
UC0842_3	Determinar a viabilidade de proxectos de instalacións solares	MP0681	Configuración de instalacións solares fotovoltaicas
UC0843_3	Desenvolver proxectos de instalacións solares fotovoltaicas		
UC0844_3	Organizar e controlar a montaxe de instalacións solares fotovoltaicas	MP0670	Telecontrol e automatismos
UC0845_3	Organizar e controlar o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas		
UC0615_3	Desenvolver proxectos de montaxe de instalacións de enerxía eólica	MP0683	Xestión da montaxe de parques eólicos
UC0618_2	Previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos		
UC0619_2	Montar e manter instalacións de enerxía eólica		
UC0616_3	Xestionar a posta en servizo e a operación de instalacións de enerxía eólica	MP0684	Operación e mantemento de parques eólicos
UC0617_3	Xestionar o mantemento de instalacións de enerxía eólica		
UC0618_2	Previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos		

Duración: 2000 horas

CS | Xestión da auga

Que se aprende a facer?

Xestionar o uso eficiente da auga, organizando e desenvolvendo a montaxe, a posta en servizo, explotación e mantemento de redes e estacións de tratamento de augas, aplicando os requirimentos de calidade, tanto das instalacións como da auga e as medidas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental requiridas pola normativa vixente.

En que ámbitos se traballa?

Na Administración e en empresas dedicadas a realizar a montaxe, a operación e o mantemento de redes e instalacións de auga, así como en empresas de tratamento de augas, e a reutilización de augas residuais.

Que ocupacións se desempeñan?

Encargado/a de montaxe de redes de abastecemento e distribución de auga|encargado/a de montaxe de redes e instalacións de saneamento|encargado/a de mantemento de redes de saneamento|encargado/a de mantemento de redes de saneamento|operador/a de planta de tratamento de auga de abastecemento|operador/a de planta de tratamento de augas residuais |técnico/a en xestión do uso eficiente da auga|técnico/a en sistemas de distribución de auga.

Que título se obtén?

Técnico superior en Xestión da auga

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1573	Calidade e tratamento de augas	127
1º	MP1575	Configuración de redes de auga	153
1º	MP0179	Inglés profesional	60
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107
1º	MP1572	Planificación e implantación	178
1º	MP1576	Sistemas eléctricos en instalacións de auga	127
1º	MP1708	Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo	30
1º	MP1580	Técnicas de montaxe en instalacións de auga	178
2º	MO0004	Afondamento nas competencias profesionais*	30
2º	MP1577	Automatismos e telecontrol en instalacións de auga	190
2º	MP1665	Dixitalización aplicada ao sistema produtivo	30
2º	MO0002	Habilidades comunicativas en lingua estranxeira*	60
2º	MP1710	Itinerario persoal para a empregabilidade II	50
2º	MP1578	Operacións en redes e instalacións de auga	272
2º	MP1581	Proxecto intermodular en xestión eficiente da auga	50
2º	MP0309	Técnicas de comunicación e de relacións	82
2º	MP1579	Xestión de operacións, calidade e ambiente	108
2º	MP1574	Xestión eficiente da auga	168

Nota*: Módulos optativos

CS | Xestión da auga

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda:

Módulos profesionais		Unidades de competencia	
MP1572	Planificación e implantación	UC0838_3	Colaborar na planificación da execución de obras de redes e instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento
MP1579	Xestión de operacións, calidade e ambiente		
MP1574	Xestión eficiente da auga	UC2204_3	Realizar diagnóstico e propostas de mellora de redes e instalacións de auga
MP1575	Configuración de redes de auga	UC2205_3	Realizar diagnóstico e propostas de optimización enerxética en redes e instalacións de auga
MP1578	Operacións en redes e instalacións de auga	UC0839_3	Controlar o desenvolvemento de obras de redes e instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento
MP1579	Xestión de operacións, calidade e ambiente		
MP1580	Técnicas de montaxe en instalacións de auga		
MP1578	Operacións en redes e instalacións de auga	UC0839_3	Controlar o desenvolvemento de obras de redes e instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento
MP1577	Automatismos e telecontrol en instalacións de auga	UC0840_3	Supervisar a posta en servizo de redes e instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento
MP1580	Técnicas de montaxe en instalacións de auga	UC0841_3	Organizar o mantemento de instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento
MP1575	Configuración de redes de auga		

CS | Xestión da auga

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita:

Unidades de competencia		Módulos profesionais	
UC0838_3	Colaborar na planificación da execución de obras de redes e instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento	MP1572	Planificación e implantación
		MP1579	Xestión de operacións, calidade e ambiente
UC0839_3	Controlar o desenvolvemento de obras de redes e instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento	MP1578	Operacións en redes e instalacións de auga
UC0840_3	Supervisar a posta en servizo de redes e instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento	MP1580	Técnicas de montaxe en instalacións de auga
UC0841_3	Organizar o mantemento de instalacións de abastecemento e distribución de auga e saneamento	MP1575	Configuración de redes de auga
UC2204_3	Realizar diagnóstico e propostas de mellora de redes e instalacións de auga	MP1574	Xestión eficiente da auga
UC2205_3	Realizar diagnóstico e propostas de optimización enerxética en redes e instalacións de auga		

Duración: 420 horas

ES | Auditoría enerxética

Que se aprende a facer?

Auditar e asesorar no uso e no consumo de enerxía e o custo asociado en edificios, instalacións ou operacións industriais ou comerciais, e transporte vinculado á actividade ou ao servizo privado ou público, co obxectivo de identificar e informar sobre os fluxos de enerxía e o seu potencial de mellora.

En que ámbitos se traballa?

As persoas que obteñan o certificado que acredita a superación deste curso de especialización poderán exercer a súa actividade na área de produción dedicada á auditoría enerxética de edificios, instalacións ou operacións industriais ou comerciais, transporte e servizos.

Que ocupacións se desempeñan?

Xestor/a de auditorías enerxéticas|auditor/a enerxético/a|técnico/a en auditorías enerxéticas en instalacións mecánicas, de climatización e de calefacción|técnico/a en auditorías enerxéticas en instalacións de electricidade e alumamento|técnico/a en auditorías enerxéticas en edificios|técnico/a en auditorías enerxéticas en instalacións térmicas.

Que título se obtén?

Máster de Formación Profesional en Auditoría enerxética

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP5107	Análise da situación enerxética de edificios e instalacións	90
1º	MP5108	Avaliación da mellora enerxética de edificios e instalacións	120
1º	MP5105	Procesos dunha auditoría enerxética	90
1º	MP5106	Toma de datos e medicións de consumos enerxéticos	120

Duración: 488 horas

AS | Organización e proxectos de instalacións solares fotovoltaicas

Que se aprende a facer?

Promocionar instalacións, desenvolver proxectos e xestionar e realizar a montaxe e o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas.

En que ámbitos se traballa?

Exerce a súa actividade en empresas dedicadas a realizar a promoción, a montaxe, a explotación e o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas para a produción de enerxía eléctrica e en empresas relacionadas coa xeración, o transporte e a distribución de enerxía eléctrica.

Que ocupacións se desempeñan?

Promotor/a de instalacións solares; proxectista de instalacións solares fotovoltaicas | responsable de montaxe de instalacións solares fotovoltaicas | responsable de mantemento de instalacións solares fotovoltaicas | responsable de explotación e mantemento de pequenas centrais solares fotovoltaicas | montador/a-operador/a de instalacións solares fotovoltaicas.

Cales son os módulos deste ciclo?

Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten:

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0681	Configuración de instalacións solares fotovoltaicas	107
1º	MP0682	Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas	274
1º	MP1709	Itinerario persoal para a empregabilidade I	107

INFORMACIÓN

CM Redes e estacións de tratamento de augas

A Coruña

Ferrol	CIFP Ferrolterra	981333107	cifp.ferrolterra@edu.xunta.gal	I

CS Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica

A Coruña

Culleredo	CIFP Universidade Laboral	881960820	cifp.universidade.laboral@edu.xunta.gal	O D
Ferrol	CIFP Ferrolterra	981333107	cifp.ferrolterra@edu.xunta.gal	D

Lugo

Lugo	CIFP As Mercedes	982828001	cifp.asmercedes@edu.xunta.gal	O

Pontevedra

Vigo	CIFP Valentín Paz Andrade	886110857	cifp.paz.andrade@edu.xunta.gal	O D

CS Enerxías renovables

A Coruña

Culleredo	CIFP Universidade Laboral	881960820	cifp.universidade.laboral@edu.xunta.gal	O P
Ferrol	CIFP Ferrolterra	981333107	cifp.ferrolterra@edu.xunta.gal	I

Ourense

Ourense	CIFP A Farixa	988783012	cifp.farixa@edu.xunta.gal	I

Pontevedra

Vigo	CIFP Valentín Paz Andrade	886110857	cifp.paz.andrade@edu.xunta.gal	O

CS Xestión da auga

A Coruña

Ferrol	CIFP Ferrolterra	981333107	cifp.ferrolterra@edu.xunta.gal	D
Santiago de Compostela	CIFP Politécnico de Santiago	881867601	cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal	I

ES Auditoría enerxética

Pontevedra

Vigo	CIFP Valentín Paz Andrade	886110857	cifp.paz.andrade@edu.xunta.gal	O

AS Organización e proxectos de instalacións solares fotovoltaicas

Ourense

Ourense	CIFP A Farixa	988783012	cifp.farixa@edu.xunta.gal	P

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

FP FORMACIÓN PROFESIONAL

ONDE INFORMARSE

Departamentos de orientación dos centros educativos

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Dirección Xeral de Formación Profesional
Edificio administrativo de San Caetano,
Santiago de Compostela

orientacion.profesional@edu.xunta.gal
edu.xunta.gal/fp

ara avaliación recoñecemento e acreditación

Síguenos en
@fpgalicia